

➤ **SERVIZOS SOCIAIS INFORMA**

O día 31/05/2019 publicouse no Boletín Oficial da Provincia (BOP) da Coruña, núm. 102, o extracto da convocatoria de bases específicas do procedemento para a **solicitude das prestacións de apoio á escolarización para o curso 2019/2020**.

As bases completas podedes atopalas en:

- Base nacional de subvencións do ministerio <https://bit.ly/2QAhWBb>
- Web do Concello de Oleiros, na concellería de Servizos Sociais no apartado de publicacións. <https://bit.ly/2XgZGiT>

¿Qué son as prestacións de apoio á escolarización?:

Son unha das medidas pola inclusión social, posta en marcha pola Concellería de Servizos Sociais e Sanidade do Concello de Oleiros, co fin de axudar a aquelas familias, nunha peor situación económica, a asumir os gastos extraordinarios que provoca o inicio do curso escolar.

Os importe destas axudas serán:

- 2º ciclo de educación infantil: 70 € (setenta euros)
- Educación primaria: 80 € (oitenta euros)
- ESO ou ciclo formativo equivalente: 90 € (noventa euros)
- Bacharelato ou ciclo formativo equivalente: 110 € (cento dez euros)

As prestacións concederanse polo sistema de concorrencia competitiva, ata esgotar orzamento. As familias coa renda per cápita máis baixa serán as beneficiarias das ditas axudas.

Prazos:

Vinte días naturais que empezarán a contar dende o día seguinte á data de publicación da convocatoria no BOP. **O prazo rematará o 20 de xuño (inclusive)**

A publicación da listaxe provisional expoñerase ao público con todas as solicitudes presentadas e os requirimentos que se fan de documentación naquelas que estean incompletas. **Comunicarase ás persoas solicitantes por SMS**

¿Onde se poden presentar as solicitudes?

No Rexistro Xeral do Concello de Oleiros en horario de 8:30 a 14:00 horas.

¿Onde podo obter máis información?

Nas dependencias da Concellería de Servizos Sociais e Sanidade do Concello de Oleiros sitas na rúa Camilo Díaz Baliño, s/n, a carón da biblioteca de Oleiros, na parte posterior do edificio onde está ubicada a Policía Local. **No caso de ter dúbidas coa documentación, poden pedir cita indicando que é para estas axudas.**

¿Quen pode solicitalas?

Todas aquelas familias veciñas de Oleiros, con fillos/as escolarizados/as en centros públicos ou concertados do Concello de Oleiros.

A renda per cápita mensual, resultante de dividir todos os ingresos da unidade familiar, de xaneiro a abril, menos os gastos destinados ao aluguer ou hipoteca, ata un máximo de 400 €, dividido entre o número de membros, non poderá ser superior a **349,60€**

As persoas beneficiarias das axudas deberán presentar despois da adxudicación, **facturas que xustifiquen o gasto realizado (non valen tickets, nin calquera outro documento no que non se identifique á persoa que realiza o gasto)**, de non ser así, estarán na obriga de **REINTEGRAR O IMPORTE DA AXUDA**.